

# GRAVACIÓN E EDICIÓN DE AUDIO CON SOFTWARE LIBRE PARA ELABORACIÓN DE TAREFAS DE COMPRESIÓN ORAL



# Índice

---

Obxectivos.....	3
Programa de contidos e actividades.....	3
Metodoloxía.....	4
Temporalización.....	4
Necesidades.....	4
Avaliación.....	5 e 6

## Obxectivos

O obxectivo xeral deste curso é dobre: por un lado formar ao profesorado nos aspectos máis básicos da utilización do software de gravación e edición de audio, e por outro, promover a autonomía e independencia do mesmo na busca, utilización e creación de recursos que se podan integrar na súa práctica docente. Os obxectivos específicos que se perseguen son os seguintes:

- Introducción ao profesorado das escolas de idiomas no coñecemento e utilización de diferentes programas de software libre para gravación e edición de audio.
- Creación de arquivos de audio para utilización en tarefas de comprensión oral na aula.
- Creación de arquivos de audio para utilización en tarefas de probas de comprensión oral de certificación para que as ditas probas cumpran os requisitos de calidade requiridos.
- Elaborar materiais de audio de calidade para seren utilizados en todos os niveis do ensino de idiomas e por todos os departamentos.

## Programa de contidos e actividades

Os contidos que se prevé tratar durante o desenvolvemento do curso, cunha dedicación horaria de 20 horas, son os que se enuncian a continuación:

Sesións	Contidos	Horas de formación	Horas de traballo non presenciais
1ª sesión	Formatos de arquivo de audio máis comúns. Copia de cd audio e conversión entre distintos formatos. Exemplos de software de copia e conversión.	3 horas	2 horas
2ª sesión	Audacity – Descarga e instalación. Plugins. Conceptos básicos.	3 horas	2 horas
3ª sesión	Audacity - Gravación e reprodución. Edición básica de audio.	3 horas	2 horas
4ª sesión	Audacity – Mellora da calidade de son e distintos efectos.	3 horas	2 horas
<b>TOTAL</b>		12 horas	8 horas

## *Metodoloxía*

O labor do relator do curso é o de guiar o proceso de aprendizaxe aportando un marco de traballo, apoio na resolución de dúbidas e orientación de cara á consecución dos obxectivos. Para acadar isto, combinaranse os seguintes procedementos de traballo:

- sesións teórico-prácticas de formación en grupo
- traballo individual de posta en práctica da teoría
- traballo en grupo de elaboración de materiais
- traballo en grupo de resolución de dúbidas e problemas

Ademais das sesións de traballo presenciais, os participantes poderán traballar de maneira non presencial na creación de materiais de audio, resolución de dúbidas e dificultades, elaboración de materiais de maneira colaborativa, etc.

## *Temporalización*

O curso terá unha duración de 20 horas, distribuídas do seguinte xeito: 12 horas presenciais e 8 horas non presenciais, entre os días 15 e 18 de setembro de 2014.

As reunións terán lugar na EOI Pontevedra, cunha duración de 3 horas, e realizaránse en horario de 9.30 a 12.30.

A periodización do programa de contidos, na mesma orde en que foi enunciado previamente, queda como segue:

1ª sesión	15 de setembro – Formación e traballo en grupo
2ª sesión	16 de setembro – Formación e traballo en grupo
3ª sesión	17 de setembro – Formación e traballo en grupo
4ª sesión	18 de setembro – Formación e traballo en grupo

## *Necesidades*

Para levar a cabo a realización de este curso necesítase un ordenador e xogo de auriculares por cada un dos participantes, un aula con sistema de audio e unha pizarra interactiva para o relator. Ademais, este último proporcionará o software libre e pistas de audio para práctica.

## Enquisa de avaliación

### Gravación e edición de audio para elaboración de tarefas de comprensión oral

Pontevedra , do 15 ao 18 de setembro

<b>Cualificación do deseño da actividade</b>	1	2	3	4	5
1- A adecuación dos obxectivos desta actividade foi ...					
2- A pertinencia dos contidos foi ...					
3- Os teus coñecementos antes da actividade eran ..					
4- A metodoloxía empregada foi ...					
5- A utilidade para a túa labor docente foi ...					
6- O cumprimento das expectativas da actividade foi ...					
VALORACIÓN GLOBAL DA ACTIVIDADE					
Observacións:					

<b>Cualificación do relator</b>	1	2	3	4	5
1- A exposición de contidos foi ...					
2- A información subministrada foi ...					
3- Os recursos utilizados foron ...					
4- O clima creado e a relación cos/as participantes foi ...					
VALORACIÓN GLOBAL DO RELATORIO					
Observacións:					

<b>Sinala e comenta aqueles aspectos que estimes que ...</b>	
<b>« estiveron ben»</b>	<b>« deberían mellorarse»</b>
<b>Sobre este ámbito fai propostas de mellora ou de continuidade do traballo</b>	